




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mediante Resolución da Universidade de data 7 de decembro de 2000, publícase (BOE do 9 de xaneiro de 2001), o plano de estudos de Mestre en Lingua Estranxeira (campus de Lugo) por adaptación á normativa vixente.

Na alínea 3.d) da táboa de adaptación establécese que a Universidade, trala consulta ó Centro, dictará as resolucións necesarias para o desenvolvemento do devandito plano de estudos, de xeito especial no referido ás adaptacións non previstas.


Téndose solicitado diversas aclaracións sobre a táboa de adaptacións deste plano de estudos,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- A materia "Didáctica da Lingua e da Literatura" do plano de estudos de 1993, adáptase polas materias do plano do 2000 "Didáctica da Lingua e da Lieratura Española" ou "Didáctica da Lingua e da Literatura Galega" ou "Didáctica Da Literatura Comparada".

SEGUNDO.- Será o alumno o que elixirá de que materia das tres se adapta.

TERCEIRO.- No caso de que se teñan emitido resolucións de adaptación que non recollen esta posibilidade, deberá procederse á súa corrección.



Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2001

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR/A. DIRECTOR/A DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE E.X.B - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS DE LUGO.